

No inicio dos «Contos por palabras» o autor fai unha confesión: «*Leur cada día os xornais foi sempre unha necesidade imprescindible para min. Todas as mañás me mergullaba con*



*paixón naquelas páxinas impresas». Desvela así o espírito desta obra de Agustín Fernández Paz que mañá entrega La Voz de Galicia dentro da colección da Biblioteca Galega 120.*

O volume, Premio Nacional de Literatura, recolle dez contos que parten de anuncios nos xornais

## «Contos por palabras», de Fernández Paz, entra mañá na Biblioteca 120


Laura Caveiro

Agustín Fernández Paz mestura nesta obra unha chea de matices como se os personaxes e as súas circunstancias fosen tecidos de diversas materias, case sempre veludo ou seda, que forman un deseño harmonioso sen cores chamantes. Dez contos onde partindo dun anuncio por palabras conducémosos ata fascinantes historias. Vellos mitos adaptáranse nelas ós tempos que vivimos, dende o bruxo tradicional que para acadar o éxito na súa profesión realiza un Máster de Dirección de Empresas, ou a reciclaxe dun heroe do cómic en empregado-estrela, ata o distinguido home-lobo que en só tres lúas namorará á rapaza axeitada.


Humor e moito afán de superación abrollan en todos os seres que buligan polas páxinas deste libro e os sentimentos converten ante os nosos ollos ás criaturas fantásticas en humanos. A determinación coa que o unicornio azul procura alguén da súa raza que o libre da soidade será compartida tamén pola libreira soñadora que procura unha obra de arte fuxidía. E por tantos outros.

Fernández Paz dálle forma ós acontecementos cunha extraordinaria capacidade de fabulación que lle recoñecen, trala tradución a varios idiomas, lectores e críticos de todo o mundo. A partir das mensaxes breves e esquivas dos anuncios por palabras dos xornais, os seus lectores nos mergullamos con paixón nas páxinas impresas de *Contos por palabras* coa certeza de que onde realmente nos mergullamos é nun universo engaolante.

Laura Caveiro, gañadora do premio Rubia Barcia de Ferrol



Os anuncios por palabras dos xornais son o punto de partida dos contos de Agustín Fernández Paz



Este libro foi Premio Nacional de Literatura

O venres, unha obra de Paco Martín

A obra de Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) *Das cousas de Ramón Lamote* será o libro que pechará ó próximo venres as entregas da Biblioteca 120 desta semana, case todos eles dedicados á literatura infantil e xuvenil. Este libro, que foi no seu día Premio Nacional de Literatura, está ilustrado por Xoán Balboa.

### LECTURAS CUALIFICADAS

## REFLEXOS DA VIDA

Celia Torres Bouzas

Escoiteille dicir a Agustín que “dun xornal, coma do porco, aproveítase todo, se se queire aproveitar”. E a boa fe que así o fixo en *Contos por palabras*. Dunha demorada recolleita de anuncios por palabras aparecidos na prensa, Agustín foi quen de agasallarnos con este marabilloso libro, un clásico xa na literatura galega, e digo literatura, sen máis cualificativos, porque estas historias son capaces de engaoliar a lectores de tódalas idades.

En *Contos por palabras* atopamos dez relatos cheos de tenrura, de esperanza, de misterio, de crítica, de humor finísimo, onde a realidade e a fantasía se mesturan dunha maneira natural, o que nos leva

a vivir unha dimensión descoñecida do mundo que cremos real. Pero o máis salientable é o poder de suxestión, a posibilidade que lle deixa ao lector de ser creador, continuador das diversas e sorprendentes historias que conforman o libro: o home que busca a chave da felicidade, o Drácula vendedor de ataúdes, o Spiderman limpa-vidros... Este libro é unha mostra da calidade da creación literaria galega. Síntase libre, lector de máis idade, e súmese a ese lema que afirma «a literatura infantil é a que tamén poden ler os máis pequenos». Con seguridade gozará.

Celia Torres Bouzas, responsable de prensa de Xerais

## UN TOLO NECESARIO

Xabier Cordal

«O libro é o mellor amigo do home, e o can tamén», dixo nunha ocasión o rexedor desta vila que, cando era novo, fixera a proeza de ler un libro enteiro (¡Que bárbaro!). Persoas deste intelecto atopaba de continuo Ramón Lamote, profesor de chairego, debuxante de soños por encargo e organizador de corridas de nubes. Personaxe singular no máis puro estilo rodariano, home raro que sabe de cousas raras. Ramón Lamote é un deses tolos necesarios que desde a súa lucidez loita con pancadas de imaxinación contra vaidades e hipocrisías.

Paco Martín enfa con humor retranqueiro os feitos cotiáns, surrealistas e delirantes dunha vila que agarda a chegada

dun tal Reparante, que quere ter na casa un Entomodelfo e ancea gañar un Marmolubio. No fondo, unha vila calquera. A súa intención era escribir sobre un personaxe que fixera «de notario social, descubridor-que non xuiz- das mediocridades e pobreza de cada un de nós». Lin *Das cousas de Ramón Lamote* con 11 anos, o mesmo ano que gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil. Desde entón, segue no meu recanto dos libros especiais, dos que cómpre ler de cando en cando, para comprobar que en cada lectura segue a abrollar un sorriso novo.

Xabier Cordal é profesor e escritor.